

Internacionalización e cooperación na Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Francisco R. Durán Villa e Jacobo Feás Vázquez

...se o estudiantado non desenvolve as competencias necesarias para funcionar de xeito eficiente nunha contorna global, é difícil que teñan éxito no mercado laboral e na sociedade do século XXI.

(B. Turlington, 1998)

Avocación de universalidade é consubstancial coa propia esencia da Universidade e en consonancia con ela, a dimensión internacional –superadora de barreiras xeográficas, políticas e ideolóxicas– estivo sempre presente no seu quefacer académico, tanto na formación como na creación e xestión do coñecemento.

No caso concreto da Universidade de Santiago de Compostela, o tránsito do século XIX ao XX coincide co establecemento dun paulatino proceso de captación de estudiantado procedente do exterior, fundamentalmente do espazo latinoamericano, á que se lle engadirá anos máis tarde –en concreto dende mediados dos anos 1960– una corrente de saída ascendente de profesorado e alumnado en consonancia coa maior permeabilidade das fronteiras, cos cambios socioeconómicos do momento e co dinamismo de apertura e de renovación pedagóxica e investigadora que comeza a albiscarse na nosa institución.

Non obstante, a irrupción do capitalismo global na década dos anos noventa da pasada centuria e os procesos contraditorios a el asociados, ademais de intensificar a mobilidade universitaria en ambas as dúas direccións, obrigou a redefinir o papel da universidade na sociedade e a elaborar respostas proactivas para facer fronte aos retos e desafíos da emerxente sociedade da información. Neste novo contexto de continuos e múltiples cambios tecnolóxicos e sociais, e en particular nun momento de dificultades económicas como o presente, a internacionalización convértese nunha resposta proactiva do sector universitario aos efectos negativos desnacionalizadores e homoxeneizadores da globalización (Knight, J. e Wit, H. de, 1997). Implicarse e ser partícipes do proceso de construción dunha sociedade baseada no coñecemento que demanda, ademais da tradicional formación dos futuros profesionais, dar resposta ás novas necesidades sociais e, dun xeito especial, á *necesidade cada vez maior de ensinanza científica e técnica, de competencias transversais e de posibilidades de aprendizaxe permanente que esixen unha maior permeabilidade entre os distintos elementos e niveis dos sistemas de ensinanza e formación* (COM, 2003, 58).